



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

AXENCIA TRIBUTARIA

PENSIÓNS DE CLASES PASIVAS 2014

Na Lei 22/2013 do 23 de decembro de 2013, publicado no BOE do día 26, publicáronse os haberes reguladores das Pensións de Clases Pasivas vixentes para o 2014. Houbo unha pírrica suba dun 0,25% respecto aos do ano 2013, polo que lóxicamente non se actualizaron respecto ao IPC; se engadimos o incremento das retencións que tivemos no 2012, vemos como as pensións se conxelan ou incluso baixan respecto as do 2013.

	Haberes reguladores por grupos (Anual)	Mensual
GRUPO A1	40.158,22	2.868,44
GRUPO A2	31.605,54	2.257,54
GRUPO B	27.675,77	1.976,84
GRUPO C1	24.273,59	1.733,83
GRUPO C2	19.204,44	1.371,75
GRUPO E e agrupacións profesionais	16.373,31	1.169,52

Para o cálculo da pensión hai que aplicar uns porcentaxes en función dos anos cotizados (como moito compútanse 35), xa sexan en Clases Pasivas ou na Seguridade Social.

Anos de servizo	Porcentaxe	Anos de servizo	Porcentaxe	Anos de servizo	Porcentaxe	Anos de servizo	Porcentaxe
1	1,24	10	15,67	19	41,54	28	74,42
2	2,55	11	17,71	20	45,19	29	78,08
3	3,88	12	19,86	21	48,84	30	81,73
4	5,31	13	22,10	22	52,50	31	85,38
05	6,83	14	24,45	23	56,15	32	89,04
06	8,43	15	26,92	24	59,81	33	92,69
7	10,11	16	30,57	25	63,46	34	96,35
8	11,88	17	34,23	26	67,11	35 e mais	100
9	13,73	18	37,88	27	70,77		

As pensións abónanse en 14 pagas ao ano (12 mensuais mais dúas extras).

Existe un tope, de 2.554,49 euros mensuais que só poden superar as pensións de incapacidade absoluta ou as derivadas de actos terroristas. Este tope alcázase con 31 anos de servizos no A1.

TIPOS DE XUBILACIÓN:

1º Xubilación voluntaria:

Os requisitos son ter cumpridos os 60 de idade e 30 de servizos ao Estado, tendo en conta que os últimos 5 deben ser, obrigatoriamente en Clases Pasivas (este último requisito inclúese na Disposición Adicional novena dos PGE para o 2011, e segue en vigor a día de hoxe). Tamén, por razón obvias, requírese ser funcionario de carreira e pertencer ao Réxime de Clases Pasivas do Estado.

2º Xubilación forzosa por idade:

En términos xerais, a xubilación forzosa dos funcionarios públicos declárase de oficio ao cumprir os 65 anos de idade.

Os funcionarios civís da Administración Xeral do Estado poden optar pola prolongación da permanencia no servizo activo ata que cumpran, como máximo, os setenta anos de idade seguindo un procedemento establecido. O funcionario pode poñer fin á situación de prolongación no servizo activo, comunicando ao órgano competente a data prevista por él para a súa xubilación forzosa por idade, cunha antelación mínima de tres meses a esa data.

3º Xubilación por incapacidade permanente para o servizo:

Declárase, de oficio ou a instancia de parte, cando o interesado veña afectado por *“unha lesión ou proceso patolóxico, somático ou psíquico que esté estabilizado e sexa irreversible ou de remota ou incerta reversabilidade que lle imposibilite totalmente para o desenvolvemento das funcións propias do seu Corpo, Escala, praza ou Carreira”* segundo o artigo 28.2.c) do Texto Refundido de Ley de Clases Pasivas).

A pensión de xubilación por incapacidade permanente para o servizo calcúlase igual que a pensión ordinaria de xubilación por idade, coa particularidade de que cando aquela se produce estando o funcionario en servizo activo ou situación equiparable, se considerarán como servizos efectivos, ademais dos acreditados ata ese momento, os anos completos que resten ao funcionario para cumprir a idade de xubilación, entendéndose estes como prestados no Corpo, Escala, praza, emprego ou categoría en que figure adscrito no momento en que se produza o cesamento por xubilación ou retiro.

Non obstante a partir de 1 de xaneiro de 2009, cando no momento de producirse o feito causante, o interesado acredite menos de vinte anos de servizos e a incapacidade non lle inhabilite para toda profesión ou oficio, a contía da pensión ordinaria de xubilación ou retiro, calculada segundo se indica no parágrafo anterior, reducirase nun 5% por cada ano completo de servizo que lle falte ata cumprir os 20 anos de servizo, cun máximo do 25% para os que acrediten 15 ou menos anos de servizos. Se con posterioridade ao recoñecemento da pensión e antes do cumprimento da idade de xubilación se producise un agravamento da enfermidade ou lesións do interesado de maneira que o inhabilitasen para o desempeño de toda profesión

ou oficio, poderá solicitar o incremento da contía da pensión ata o 100 por 100 da que lle tivese correspondido.

OUTROS ASPECTOS A TER EN CONTA:

Anos de servizos efectivos ao Estado:

Segundo o establecido no artigo 32 e) do Real Decreto Legislativo (RDL) 670/87, ademais dos servizos prestados a calquera Administración Pública tamén se consideran os cotizados a calquera réxime público da Seguridade Social. Tamén se considera servizo efectivo ao Estado o tempo do servizo militar **obligatorio** que **exceda de 9 meses**, que se computará no grupo E. Lembra que para causar dereito a pensión é requisito indispensable ter completado un mínimo de 15 anos de servizos efectivos ao Estado.

Cómputo recíproco cotas:

Para os que teñan cotizacións na Seguridade Social e se vaian xubilarse por clases pasivas, hai que ter en conta que hai unhas equivalencias entre as cotizacións da seguridade social e as de clases pasivas.

O **Real Decreto 691/1991, de 12 de abril**, sobre cómputo recíproco de cotas entre rexímenes da Seguridade Social, permite, previa solicitude do interesado, totalizar os períodos de cotización sucesivos ou alternativos que se acrediten no Réxime de Clases Pasivas do Estado e nos rexímenes da Seguridade Social, tanto para a **adquisición do dereito a pensión como para determinar a porcentaxe aplicable para o cálculo da mesma.**

Cando corresponda o recoñecemento da pensión ao Réxime de Clases Pasivas, os períodos de cotización que se totalicen, acreditados noutro réxime, entenderanse como prestados no grupo ou categoría que resulte de aplicar a seguinte **tabla de equivalencias**:

Grupo cotización á Seguridade Social	Equivalencia en Clases Pasivas	Grupo cotización á Seguridade Social	Equivalencia en Clases Pasivas
1	A1	7 y 9	C2
2	A2	6, 10, 11 y 12	E y AP
3, 4, 5 y 8	C1		

Cambio de subgrupo:

Hai un fórmula matemática (art. 31.2 do RDL 670/87) para facer o cálculo da pensión de xubilación de aqueles que cambiaron, na súa carreira profesional, de corpo (pois nese caso habería que ter en conta varios haberes reguladores distintos). Por outro lado, tamén hai unha “**bonificación**” para os funcionarios de carreira que ingresaron na Administración antes do 01/01/85 e foron integrados nun corpo superior antes desa data. Esta bonificación consiste en considerar, ata un máximo de 10 anos dos servizos prestados no grupo inferior como se fose no superior. Esta bonificación non se aplica no caso de que o funcionario se xubile voluntariamente aos 60 anos. (Disposición Transitoria 1ª del RDL 670/87).

CIG-AEAT:

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89

Delegación AEAT A Coruña